

MODOS VERÁN ACTIVO



ACTIVIDADES PARA A MOCIDADE DE 9 A 30 ANOS

Campamentos en Galicia e noutras comunidades

Minicampamentos "Coñece Galicia"

Campos de voluntariado

Oferta para entidades ou grupos xuvenís

Programa para maiores de 18 anos



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Dirección Xeral de Xuventude

Santiago de Compostela 2026

MAQUETACIÓN:

Pablo Gulín Díaz | Empapelarte

INTRODUCCIÓN_____	4	PROGRAMAS_____	13
OBXECTIVOS DO PROGRAMA_____	5	» 1. SURF NA MARIÑA	14
O PROGRAMA INCLÚE_____	5	» 2. ARTESANÍA NAS MANS	15
CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN_____	6	» 3. AVENTURA NA MONTAÑA	16
INCORPORACIÓN Á ACTIVIDADE_____	6	» 4. XEOCAMPAMENTO NAS MONTAÑAS DO COUREL	17
MATERIAL NECESARIO_____	7	» 5. ECOVERÁN TERMAL EN LAIAS	18
PRAZAS_____	7	CONTACTO_____	19
COTA DE PARTICIPACIÓN_____	8	» A CORUÑA	20
DEVOLUCIÓN DE COTAS_____	8	» LUGO	20
SOLICITUDE DE PRAZA_____	9	» OURENSE	20
ADXUDICACIÓN DE PRAZA_____	10	» PONTEVEDRA	20
DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN_____	11		
RENUNCIA Á PRAZA ADXUDICADA_____	12		

INTRODUCCIÓN

A Campaña de verán que a Xunta de Galicia pon de novo en marcha para o ano 2026 inclúe oportunidades de participación para as persoas mozas mediante un **programa de actividades dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos**.

Este programa, que promove un ocio educativo, alternativo e saudable para a mocidade galega, conta con **160 prazas** en **cinco programas de actividades**, en **quendas de cinco días de duración**, no albergue xuvenil de Allariz, no campamento xuvenil A Devesa en Ribadeo, no hotel Piornedo en Cervantes, no Acampamento O Caurel en Folgoso do Courel e no albergue Laias en Cenlle.

160
PRAZAS

5
PROGRAMAS DE
ACTIVIDADES

5
DÍAS DE
DURACIÓN



OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- » Mellorar as competencias e habilidades da xuventude a través da educación non formal.
- » Promover un plan de ocio alternativo, educativo e saudable.
- » Facilitar que as mozas e mozos galegos participantes coñezan a xeografía e o patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia, promovendo o seu respecto e posta en valor.

O PROGRAMA INCLÚE

- » Unha programación de actividades de ocio educativo, alternativo, saudable e convivencial, así como o material necesario para o seu desenvolvemento.
 - » O aloxamento nun albergue xuvenil ou similar. A asignación de cuartos será de libre disposición.
 - » A manutención en réxime de pensión completa.
 - » Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso.
- Así mesmo, para o caso das persoas con discapacidade que por razón das súas necesidades especiais precisen apoio, disporase de persoal que conte coa formación e experiencia necesarias para atendelas.
- » Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.


O desprazamento ata as instalacións onde se vai desenvolver o programa vai por conta das persoas que participan, tanto o día de incorporación como o día do remate da actividade.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- » Poden solicitar praza nas actividades ofertadas as persoas mozas **residentes en Galicia**.
- » **É necesario ter os 18 anos ao inicio do programa e non cumprir os 31 antes do seu remate.**
- » As persoas mozas participantes terán que respectar os horarios establecidos.
- » Durante a estancia nos aloxamentos respectaranse as normas de organización interna en cada un deles, que serán obrigatorias para as persoas participantes.
- » A organización resérvase o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo, incluso de cancelalo no caso de que sexa necesario por seguridade das persoas participantes, polas condicións meteorolóxicas ou por outras circunstancias xustificadas. Tamén se poderá cancelar calquera dos programas no caso de que non exista un número mínimo de participantes.
- » Se calquera das persoas participantes incumpre as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal das actividades, poderán ser expulsadas do programa correspondente.
- » Será necesario **levar a tarxeta sanitaria e o DNI** durante os días de realización do programa.
- » A participación no programa supón a aceptación das condicións deste e poderá excluírse do programa a persoa participante que incumpra as devanditas condicións.

INCORPORACIÓN Á ACTIVIDADE

A incorporación realizarase o primeiro día da actividade, ás 17.00 horas, e a saída será o último día da actividade, despois de xantar.



MATERIAL NECESARIO

Útiles de aseo persoal e toalla, crema protectora solar, roupa axeitada e cómoda, prendas axeitadas ás condicións climatolóxicas, calzado deportivo cómodo, chanclas para a ducha, gorra ou sombreiro, mochila, cantimplora ou termo de auga e bolsa para a roupa sucia.

No caso de actividades acuáticas/piscina, ademais:

- » Toalla de praia, traxe de baño, gorro e chancletas, sandalias pechadas para auga ou escafpíns, neopreno / lycra (se se dispón del).

É importante que a roupa e o calzado sexan axeitados para as actividades do programa elixido.

Lémbrese que se debe **levar a tarxeta sanitaria e o DNI** durante os días de realización do programa.

No caso de estar con tratamento específico, debe levarse a medicación para a queda.

PRAZAS

O número total de prazas dispoñibles é de 160, que se distribúen en 5 programas de entre 20 e 40 prazas.

160
PRAZAS

5
PROGRAMAS DE
ACTIVIDADES

20-40
PRAZAS POR
ACTIVIDADE

COTA DE PARTICIPACIÓN

As persoas ás que se lles adxudique unha praza deberán aboar o prezo establecido para cada caso.

Por ser titular do **Carné xove** ou membro de **familia numerosa, acollidora ou monoparental** aplicarase un desconto do **25% sobre o prezo. Os descontos citados en ningún caso serán acumulables.**

Para aplicar estes descontos cómpre estar en posesión, no momento do pagamento da taxa, dos títulos habilitantes correspondentes: Carné xove vixente e activado, título de familia numerosa, certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental e resolución de acollemento familiar, expedidos polo órgano competente.

DEVOLUCIÓN DE COTAS

Se logo de obtida a praza e de aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á súa devolución nos casos e polas causas seguintes:

- A.** Renuncia á praza comunicada por escrito sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos cinco días naturais antes do inicio da actividade.
- B.** Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- C.** Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse á actividade, que deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada a persoa interesada.
- D.** Falecemento ou enfermidade grave dun familiar de ata 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar ou co certificado de defunción, de ser o caso.

SOLICITUDE DE PRAZA

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

A solicitude presentarase **en liña**, no **formulario dispoñible na páxina web <http://xuventude.xunta.gal>** habilitado o día de apertura do prazo.

Prazo de solicitude

1ª CONVOCATORIA

» Do 13 ao 25 de maio

A apertura do formulario de solicitude será ás 9:00 horas do 13 de maio.

Cada persoa solicitante só poderá enviar un formulario, no que elixirá ata un máximo de tres programas (identificados co seu código) por orde de preferencia, entre os que se lle asignará un deles, de ser o caso. **No caso de presentar máis dunha solicitude só se terá en conta a última presentada.**

As **persoas con discapacidade** deberán facer constar esta circunstancia no apartado que figura no formulario de solicitude, indicando a porcentaxe recoñecida e o tipo de discapacidade que, de ser o caso, presenta, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisase.

As prazas serán **adxudicadas por rigorosa orde de recepción das solicitudes**. A persoa que resulte adxudicataria dunha praza nesta primeira convocatoria, en calquera das opcións elixidas, non figurará en ningunha lista de agarda.



2ª CONVOCATORIA

Logo de asignadas as prazas da 1ª convocatoria, abrirase de novo o formulario na web para os programas con prazas dispoñibles, que permanecerá aberto ata 5 días antes do inicio do programa, de existir prazas vacantes.


O día e hora de apertura deste novo prazo será comunicado na propia web.

Poderá optar a estas prazas vacantes calquera persoa, incluso aquelas con praza xa adxudicada noutro programa na primeira convocatoria.

ADXUDICACIÓN DE PRAZA

As prazas serán adxudicadas, mentres existan vacantes, por orde de recepción das solicitudes, respectando a prioridade sinalada no formulario, tanto na 1ª como na 2ª convocatoria.

Logo de cubertas todas as prazas crearase unha **lista de agarda**, tamén por orde de chegada do formulario.



DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN

Logo de adxudicada a praza, a persoa solicitante recibirá un correo electrónico coas instrucións para o pagamento da cota e coa documentación que debe presentar, cuberta e asinada, no enderezo e no prazo que se indican neste apartado.

DOCUMENTACIÓN

- » Folla de formalización da inscrición debidamente cuberta e asinada.
- » Xustificante de pagamento da cota.
- » Fotocopia do DNI/NIE.
- » Fotocopia do carné xove, do título de familia numerosa, do certificado de familia monoparental ou da resolución de acollida (no caso de acollerse ao correspondente desconto).
- » Ficha informativa de saúde.
- » Certificado de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, de ser o caso.
- » Declaración sobre a autorización para a captación de imaxes.

Correo electrónico para remitir a documentación:

A documentación, cuberta e asinada, deberá achegarse por correo electrónico ao enderezo:



actividadesmais18.xuventude@xunta.gal

AVISO: No **ASUNTO** debe indicarse o **PROGRAMA** adxudicado.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para presentar esta documentación é de 2 días hábiles desde o envío do correo electrónico de adxudicación da praza.

De non presentar a documentación neste prazo, perderase o dereito á praza adxudicada e esta quedará dispoñible para outras persoas solicitantes.

RENUNCIA Á PRAZA ADXUDICADA

Unha vez formalizada a inscrición nun programa, se por algún motivo non suxeito á devolución da cota, xurdise un imprevisto que impida participar na actividade, solicitamos que se comunique a renuncia á praza o máis axiña posible para liberala e facilitar así a participación doutra persoa no programa.

O correo electrónico para comunicar a renuncia é o mesmo que para a remisión da documentación:



actividadesmais18.xuventude@xunta.gal

De non facelo así, a persoa solicitante quedará excluída da participación en sucesivas edicións deste programa e nos demais que poña en marcha este departamento.

PROGRAMAS



1. SURF NA MARIÑA

ALOXAMENTO

Campamento xuvenil A Devesa (Ribadeo)

A Rochela, s/n, 27700 A Devesa, Ribadeo (Lugo). T. 982 828 580

ACTIVIDADES

Visitas e roteiros: descuberta de Ribadeo e visita á praia das Catedrais; **multiaventura e acuáticas:** surf, bodyboard, escalada en rocódromo; **outras:** xogos de presentación, xogos deportivos federados minoritarios, xogos deportivos na praia, dinámica de despedida; **nocturnas:** veladas temáticas.

PROGRAMA	QUENDA	CÓDIGO	COTA	CARNÉ XOVE OU FAMILIA NUMEROSA/ACOLLEDORA/MONOPARENTAL
1. SURF NA MARIÑA	26-30 agosto	271001	96,65 €	72,49 €



TELÉFONO: **982 294 224 - 982 294 599 - 982 294 923 - 982 294 353**



CORREO: **actividadesmais18.xuventude@xunta.gal**

2. ARTESANÍA NAS MANS

ALOXAMENTO

Albergue Allariz (Allariz, Ourense)

Estrada de Xunqueira, 7, 32660 Allariz (Ourense). T. 604 024 328

ACTIVIDADES

Artesanía e oficios tradicionais: todos a tecer: obradoiro de tecido colectivo de elaboración de tapices ou alto lizo nun gran bastidor cúbico; **tinguido por reserva (tie-dye):** obradoiro no que as persoas asistentes darán renda solta á súa imaxinación con esta técnica con séculos de historia, que se fixo popular nos anos 60 do século XX entre os seguidores do movemento hippie e que influíu a grandes marcas da moda mundial; **iniciación ao torno cerámico:** Elaboración no torno pezas de barro mediante as técnicas da olería tradicional galega; **transferencia de imaxes con engobes sobre cerámica:** debuxarase primeiro sobre papel con diferentes técnicas para logo transferir estas imaxes ao barro; **bordado sobre fotografías:** obradoiro consistente en empregar diferentes puntos cos que a docente guiará ás persoas asistentes a bordar fotografías resaltándoas tridimensionalmente; **iniciación ao traballo co coiro:** obradoiro co que se lles intenta aproximar as técnicas da marroquinería ás persoas asistentes, elaborando pequenas pezas como pulseiras, chaveiros e ata outras de maior volume e complexidade.

Outras actividades: Ruta fotográfica na natureza, rastrexo de persecución polo Arnoia, baño no río ou na piscina, xogos na praia fluvial e xogos e actividades nocturnas: Danzar en varias culturas, Xogo teatralizado por Allariz, As festas populares tamén son arte.

PROGRAMA	QUENDA	CÓDIGO	COTA	CARNÉ XOVE OU FAMILIA NUMEROSA/ACOLLEDORA/MONOPARENTAL
2. ARTESANÍA NAS MANS	15-19 xullo	321001	92,50 €	69,37 €



TELÉFONO: 988386120 - 988386118 – 988386117 - 988386113



CORREO: actividadesmais18.xuventude@xunta.gal

3. AVENTURA NA MONTAÑA

ALOXAMENTO

Hotel Piornedo (Cervantes)

Lugar Donís (San Liz), Piornedo, 27664, Cervantes (Lugo) T. 982 161 587

ACTIVIDADES

Visitas e roteiros: Visitas e roteiros: rutas de sendeirismo pola contorna: subida ao pico Mustallar e ruta circular dos Roblóns; **obradoiros:** laboratorio creativo (acuarela, cor e expresión persoal), obradoiro de velas artesanais (aromas, deseño e decoración personalizada), obradoiro con plástico máxico (creación de chaveiros, colgantes e pequenas pezas decorativas); **outras actividades:** serán teatral: citas improvisadas para romper o xeo (improvisación, personaxes e dinámicas de presentación); piscina; ximkanas e retos cooperativos; xogos de auga; xogos de mesa e dinámicas distendidas; xogos de orientación; actividades deportivas.

PROGRAMA	QUENDA	CÓDIGO	COTA	CARNÉ XOVE OU FAMILIA NUMEROSA/ACOLLEDORA/MONOPARENTAL
3. AVENTURA NA MONTAÑA	8-12 xullo	271002	92,50 €	69,37 €



TELÉFONO: 982 294 224 - 982 294 599 - 982 294 923 - 982 294 353



CORREO: actividadesmais18.xuventude@xunta.gal

4. XEOCAMPAMENTO NAS MONTAÑAS DO COUREL

ALOXAMENTO

Acampamento O Caurel (Folgozo do Courel)

Esperante, s/n, 27325, Folgozo do Courel (Lugo) T. 622 051 803

ACTIVIDADES

Primeira quenda

Visitas: visita guiada con cata a Pazo la Cuesta, Museo Xeolóxico de Quiroga, ruta no Val das Mouras; **multiaventura:** Cova de Ceza (iniciación á espeleoloxía), bateo do ouro no río Lor, iniciación ao barranquismo nas Aldonzas; **outras actividades:** piscina, Courel Son en Folgozo, carrilanas en Folgozo.

Segunda quenda:

Visitas: visita guiada con cata a Pazo la Cuesta, Museo Xeolóxico de Quiroga, ruta no Val das Mouras ruta dos sequeiros de Mostaz; **multiaventura:** Cova de Ceza (iniciación á espeleoloxía), bateo do ouro no río Lor, iniciación ao barranquismo nas Aldonzas; **outras actividades:** piscina, Courel Son en Seceda.

PROGRAMA	QUENDA	CÓDIGO	COTA	CARNÉ XOVE OU FAMILIA NUMEROSA/ACOLLEDORA/MONOPARENTAL
4. XEOCAMPAMENTO NAS MONTAÑAS DO COUREL	15-19 xullo	271003	92,50 €	69,37 €
	22-26 xullo	271004	92,50 €	69,37 €



TELÉFONO: 982 294 224 - 982 294 599 - 982 294 923 - 982 294 353



CORREO: actividadesmais18.xuventude@xunta.gal

5. ECOVERÁN TERMAL EN LAIAS

ALOXAMENTO

Albergue Laias (Cenlle)

Estrada Nacional 120, km 585-8, 32459, Cenlle (Ourense) T. 988 280 409

ACTIVIDADES

Visitas e roteiros: descubrimento da contorna, achegamento a Castro Leboreiro e ao Parque Nacional Peneda-Gerês en Portugal (castelo e vila de Melgaço, castelo, miradoiro e cascada de Castro Leboreiro, ruta ambiental polo Parque Nacional Peneda-Gerês), barrio xudeo de Ribadavia, ruta polo río Miño e casco vello de Ourense; **Multiaventura:** caiac no encoro de Castrelo de Miño, visita e carreira de orientación no Castro de Lás; **outras:** sesión de spa, baño nas termas de Outariz; **nocturnas:** veladas temáticas (observación de estrelas, vídeo-fórum de cine ambiental, achegamento e identificación de morcegos).

PROGRAMA	QUENDA	CÓDIGO	COTA	CARNÉ XOVE OU FAMILIA NUMEROSA/ ACOLLELORA/ MONOPARENTAL
5. ECOVERÁN TERMAL EN LAIAS	26-30 agosto	321002	92,50 €	69,37 €



TELÉFONO: 988386120 - 988386118 – 988386117 - 988386113



CORREO: actividadesmais18.xuventude@xunta.gal

CONTACTO



A CORUÑA

Departamento Territorial da Coruña
Servizo de Xuventude e Voluntariado

Rúa Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña
881 881 238 - 881 881 239 - 881 881 240 - 881 881 241

LUGO

Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Xuventude e Voluntariado

Rolda da Muralla, 70
27071 Lugo
982 294 224 - 982 294 599 - 982 294 923 - 982 294 353

OURENSE

Departamento Territorial de Ourense
Servizo de Xuventude e Voluntariado

Celso Emilio Ferreiro, 27
32004 Ourense
988386120 - 988386118 - 988386117 - 988386113

PONTEVEDRA

Departamento Territorial de Vigo
Servizo de Xuventude e Voluntariado

Estrela, s/n
36201 Vigo
986 817 080 - 986 817 782 - 986 817 079



CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

GALICIA CALIDADE

Xacobeo  2027